

TIPOS DE BOLSA

Bolsa total: O Concello asumirá o 100% do custo total de até un máximo de 10 prazas, que serán asignadas, de entre o alumnado eleccionado, aos de familias con menores ingresos per cápita no ano 2014, sempre que estes sexan inferiores a 8.387,15 €.

Bolsa parcial: O Concello asumirá un máximo do 90% e un mínimo do 50% do custo total das 40 prazas restantes; e as familias un mínimo do 10% e un máximo dun 50%. As prazas ofertadas como bolsa total que non sexan cubertas incrementarán as de bolsa parcial. As porcentaxes que corresponde aboar ás familias variarán en función dos ingresos per cápita e son as que se indican no seguinte cadro.

Renda per cápita anual	Achega familias
< 8.387,15 €	10%
8.387,15 €-10.250,94€	20%
10.250,95€-12.114.73€	30%
12.114.74 €-13.978.52 €	40%
>13.978.52 €	50%

MÁIS INFORMACIÓN

Servizo Municipal de Educación.
Avenida da Mariña, 18 -3º. 15001 A Coruña
Tel. 981 18 42 00
educacion@coruna.es

Este documento ten carácter meramente informativo.
As bases do programa poden consultarse na web
www.edu.coruna.es
A presentación das solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria.

BOLSAS 2016 2017 USA

Número de bolsas
50 BOLSAS

Reunión informativa

Xoves 19 de NOVIEMBRE
ás 19:00 h.
Salón de actos do
CCM MONELOS

Prazo da solicitude

26 de novembro ao
11 de decembro
até as 14.00 h.

O programa educativo “Bolsas USA 2016-17” ofrece a oportunidade, ao alumnado de 4º da ESO matriculado nos centros que imparte secundaria no termo municipal, de cursar o Grao 11 en USA equivalente a 1º de bacharelato, así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real da vida e a cultura norteamericanas.

REQUISITOS

- Constar **empadroad**o/a no **Concello da Coruña** xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal , **desde o 1 de setembro de 2015**. Tamén serán aceptados empadroadamentos posteriores a esa data e anteriores ao final do prazo de presentación de solicitudes nos casos en que se acredite traslado de domicilio e centro educativo motivado por cambio de localidade de residencia ao Concello da Coruña.
- Estar **matriculado/a** e cursando **4º de ESO** nun centro educativo do **Concello da Coruña** sostido con fondos públicos.
- Obter en 3º da ESO unha **cualificación media de 7 puntos ou máis** e non ter ningunha materia suspensa.
- Obter en 3º da ESO unha **cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés)**.
- Acreditar por medio dun **certificado médico** unhas condicións de saúde idóneas para permanecer un curso académico fóra do entorno familiar e social. No caso de resultar seleccionado para participar no programa o alumnado deberá cumprir os requisitos de saúde que establece o programa estatal Americano.



INSCRICIÓN

O **alumnado** que queira participar deberá **inscribirse** en liña **na ficha específica "Bolsas USA 16-17"** da web educativa municipal www.edu.coruna.es

Unha vez feita a **inscrición** o sistema elabora un **xustificante de confirmación** que debe de imprimir. Este xustificante **ten un número de asignación** que será o de **referencia de cada expediente** no proceso de BECAS USA 16-17.

A **documentación** do expediente e a **ficha de solicitude**, **asinada** polo/a participante e a persoa ou persoas que teñan a patria potestade ou tutela sobre o/a participante, **deberá presentarse nos rexistros municipais** ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, **indicando como solicitante os datos do/a alumno/a**

- Rexistro xeral do pazo de María Pita. Rúa Praza de María Pita, 1
- Rexistro xeral municipal do Fórum Metropolitano. Rúa Río Monelos, 1
Luns a venres de 8.00 a 14.00 h. Sábados de 9.00 a 13.00h.
- Rexistro centro sociocultural Ágora. Rúa Ágoras, s/n.
- Rexistro cidade deportiva de Riazor. Rúa Manuel Murguía, s/n.
Luns a venres de 8.00 a 14.00 h
- Rexistro do Centro Cívico Municipal de Mesoiro. Rúa os Ancares, 5.
Luns a venres de 9.00 a 14.00 h

DOCUMENTACIÓN

- Fotografía recente tamaño carnét.
- Fotocopia do DOI do/a solicitante e dos pais ou representantes legais.
- Resgardo da ficha de solicitude que se cubriu en liña. Debe de estar asinado polo/a participante e a persoa ou persoas que teñan a patria potestade ou tutela sobre o/a participante.
- Certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2014, emitidas e datadas no mes de setembro, ou posterior, de 2015.
- Certificado das cualificacións correspondentes a 3º da ESO do curso académico 2014-15.
- Se for o caso, certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente na materia, acreditativo do grao de minusvalía do/a alumno/a, pai, nai ou irmán/á membro da unidade familiar.
- Certificado médico, no que se faga constar que o participante non presenta ningún impedimento na súa saúde para vivir un curso académico no estranxeiro.
- Anexo das bases do programa cuberto polo centro educativo segundo as indicacións e coas sinaturas e selo correspondentes.

BAREMACIÓN

- **Proba previa eliminatória de coñecemento de inglés.**
Consta de dúas partes, unha de comprensión escrita e outra de comprensión oral (e no seu caso aquelas outras que esixa a organización americana). Cómpre obter unha cualificación de apto/a en cada parte para superar a proba. Os/as participantes que non a superen non continuarán no proceso selectivo.

O **Servizo de Educación** informará na web educativa da data da proba.

- **Características persoais do/a estudante** para vivir durante un curso académico cunha familia diferente á propia no contexto social e académico da cultura norteamericana. Este criterio será valorado coa información que achegue o documento que figura como anexo, que será cuberto polo centro educativo no que o/a alumno/a cursou 3º da ESO.

Este requisito será valorado cun **máximo de 5 puntos**. **De non se acadar unha cualificación media de 2,5 puntos non se continuará no proceso.**

- **Cualificación media obtida en 3º da ESO**, excluída a materia de relixión, até un **máximo de 5 puntos**.
- **Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés)** en 3º da ESO, até un máximo de 3 puntos.
- **Ingresos económicos familiares** acreditados e valorados de menos a máis até un **máximo de 10 puntos**. Ordenarase aos/ás participantes en razón dos ingresos per cápita das súas familias de menor a maior, asignándose a puntuación correspondente do seguinte xeito:

Renda per cápita anual	Puntuación
< 1.863,79 €	10
1.863,79 €-3.727,58€	9
3.727,58€-5.591,37€	8
5.591,37€-7.455,14€	7
7.455,14€-9.318,93€	6
9.318,93€-11.182,72€	5
11.182,72€-13.046,51€	4
13.046,51€-14.910,30€	3
14.910,30€-16.774,09€	2
16.774,09€-18.637,88€	1
> 18.637,88 €	0

- **Discapacidade do/a participante, pai, nai ou irmán/á** ou calquera outro membro que integre a unidade familiar, igual ou superior ao 33%:
 - Por discapacidade do/a alumno/a participante: **2 puntos**.
 - Por discapacidade doutro membro que integre a unidade familiar: **1 punto**.

Serán seleccionados os/as participantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos distintos apartados do baremo.

Nota: a realización do programa está supeditada á existencia de dotación orzamentaria e á celebración por parte do Concello da Coruña dun contrato de prestación de servizos cunha empresa xestora do mesmo.

